

Concello de Ponteareas

Expediente núm.: 7025/2020

Asunto: Concertación de operación de crédito a curto prazo.

PROVIDENCIA DE ALCALDÍA

Vista a proposta na que se manifesta a necesidade de obter recursos financeiros, para atender necesidades transitorias de financiamento, ocasionadas pola execución das obras que se relacionan, investimentos que se corresponden con subvenciones comprometidas pero que antes de recibir o seu ingreso, debemos realizar o pagos das obras a medida que se certifica a súa execución, paso previo e imprescindible para recibir o ingreso desas subvencións.

Polo exposto e dada a situación con escaso marxen para financiar os pagos con fondos propios, propónse a formalización dunha Operación de crédito a curto prazo coas seguintes características:

- Tipo de operación: Financiamento a curto prazo.
- Finalidade: Cubrir desfases transitorios de tesourería provocados pola necesidade de adiantar o pago de certificacións de obras que son obxectos de subvención comprometidas e non ingresadas.
- O importe da operación: 1.925.573,71 €
- Prazo da operación: 1 ano.
- Período de liquidación de intereses e amortización: Trimestral.
- Tipo de interese: Euribor a 3 meses

DISPOÑO

PRIMEIRO. Que se inicien os trámites oportunos para concertar una operación de crédito a curto prazo por importe de 1.925.573,71 € e cun prazo dun ano.

SEGUNDO. Que se emita informe por Secretaría en relación co procedemento a seguir e a lexislación aplicable ao mesmo.

TERCEIRO. Que por Interventora infórmese sobre esta operación de crédito que ten previsto acordar o Concello de Ponteareas, aplicando o principio de prudencia financeira.

CUARTO. Que por Interventora emítase informe no que se analizarán os seguintes termos:

— A capacidade da Entidade Local para facer fronte, no tempo, ás obrigación que daquelas se deriven para a mesma conforme ao artigo 52.2 do Texto Refundido de Lei de Facendas Locais, aprobado por Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo.

— A porcentaxe que supón sobre os recursos ordinarios do Orzamento.

— Precisar a carga financeira anual máxima do Concello.

O Alcalde, Xosé Represas Giráldez

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Ponteareas

Xardíns da Xiralda s/n, Ponteareas. 36860 (Pontevedra). Tfno. 986640000. Fax: 986660647

